



1. A QUENDA DE OFICIO CONTINUARÁ EXENTA DE IVE

Tras a importante presión exercida dende o Consello Xeral da Avogacía Española e os colexios de avogados, a Avogacía institucional acadou un acordo cos ministerios de Xustiza e Facenda, en representación do Goberno, polo que o servizo da quenda de oficio continuará sen estar suxeito ao IVE. Finalmente, na reunión mantida logrouse que o Goberno impulse unha reforma urxente da Lei de asistencia xurídica gratuíta, con efectos do 1 de xaneiro de 2017, que ratificará a obrigatoriedade da prestación, o carácter indemnizatorio do servizo público da quenda de oficio prestado polos colexios de avogados e a non suxeición deste servizo público ao IVE. Polo tanto, as actuacións da quenda de oficio seguirán a facturarse sen IVE.

Unha vez que se presente a proposición de lei no Congreso dos Deputados, nos próximos días, a Dirección Xeral de Tributos suspenderá de inmediato a aplicación da consulta vinculante con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro, á espera de que se aprrobe esta lei.

2. RELATORIOS DE XORNADAS: “EXECUCIÓN HIPOTECARIA, CLÁUSULAS ABUSIVAS E CLÁUSULAS CHAN

Xa está dispoñible para todos os colexiados o material da última xornada impartida por dona María José Achón Bruñén sobre execución hipotecaria, cláusulas abusivas e cláusulas chan. Pódese acceder a el dende a páxina web do Colexio (www.icasantiago.org) na sección de **servizos ao colexiado > oficina virtual > relatorios**.

<http://www.icasantiago.org/servizos-ao-colexiado/oficina-virtual/>

O material deste relatorio conta con seis artigos doutrinais escritos pola Sra. Achón Bruñén sobre a execución hipotecaria e as cláusulas abusivas.

Lembrámosvos que para acceder a estes contidos da páxina web, é necesario validarse previamente co número de colexiado e o DNI (sen puntos nin letra).

3. NOVOS SERVIZOS COLEXIAIS

O Colexio de Avogados experimentou nos últimos anos un incremento considerable do volume de traballo na súa secretaría, motivado en gran parte pola ampliación do ámbito territorial que acolle dende o 01.01.2015 coa incorporación de catro partidos xudiciais (Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón). Como consecuencia da atención a estes novos partidos e das súas xestións, multiplicouse notablemente o número de expedientes de xustiza gratuíta tramitados, as designacións de letrados da quenda de oficio, as listas de garda, informes de honorarios, escritos de queixa etc. Ante esta nova situación, a Xunta de Goberno aprobou a finais de 2016 a contratación dun novo empregado a media xornada



para a oficina que o colexio ten no edificio dos xulgados, pasando o traballador que desempeñaba ata esa data esa función a tramitar os expedientes de xustiza gratuíta e designacións da quenda de oficio civil dos partidos de Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón.

O novo empregado (José Vilariño), que presta servizo na oficina do edificio dos xulgados, ten encomendada, entre outras funcións, a de facilitarlles aos letrados da quenda de oficio a consulta ou descarga dos números ou resolucións do beneficio de xustiza gratuíta dende a web da Dirección Xeral de Xustiza. Coñecedor este colexio das dificultades que teñen os letrados da quenda de oficio para poder consultar as ditas resolucións, créase este novo servizo, co fin de que a partir de agora reciban o soporte necesario para a consulta ou a descarga das ditas resolucións. Para isto poderase acudir persoalmente a esa oficina, en horario de 9.00 a 14.00 h, ou realizar calquera consulta no teléfono 981572373.

Polo tanto, a partir do 01.03.2017 as funcións dos empregados deste colexio, en todo o relacionado coa atención da quenda de oficio, quedan reestruturadas do seguinte xeito:

Inma López (981581713)

Atención da quenda de oficio civil no partido xudicial de Santiago.

Atención da quenda contencioso-administrativa.

Ruth Louro (981581713)

Atención da quenda de oficio penal no partido xudicial de Santiago e nos partidos de Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón.

Atención da quenda de oficio laboral.

Carlos Polo (981581713)

Atención da quenda de oficio civil nos partidos xudiciais de Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón.

Atención dos servizos de informática e Lexnet.

José Vilariño (981572373, edif. xulgados, 9.00 a 14.00 h)

Atención de consultas relacionadas coas resolucións na plataforma axg.net.

Soporte para a descargar de resolucións dende a plataforma notifica.xunta.gal (o letrado debe contar con sinatura electrónica).

Rebeca Cotelo (981581713)

Servizo de contabilidade (facturación e pagamentos da quenda de oficio, seguro de responsabilidade civil).

Listas de asistencia a persoas detidas.

Martín Ramos (981581713, 8.30 a 14.30 h))

Servizo de asesoramento lingüístico (revisión ou tradución de escritos en lingua galega).